



**SONDA
NORTE**

1

QUE É?


Unha plataforma aberta, formada por todas as persoas interesadas na creación cultural que se fai en Ribadeo, en calquera das súas vertentes.



2.1

CON QUE OBXECTIVOS NACE?


Apoiar a creación de
contidos culturais en
Ribadeo.



2.2

CON QUE OBXECTIVOS NACE?


Darles a eses contidos a máxima difusión e visibilidade posíbel.



2.3

CON QUE OBXECTIVOS NACE?


Mellorar a formación
artística específica dos
creadores e creadoras
locais.



2.4

CON QUE OBXECTIVOS NACE?


Poñer en relación os creadores e creadoras locais e os seus traballos con creadores e creadoras doutros lados de Galiza e de fóra.



3

QUE QUEREMOS FACER?

Exposicións
Concertos
Videoclips
Encontro das artes e das
ideas
Noites temáticas
Poesía



4

TODO ISTO DESDE QUE FILOSOFÍA E IDEAS?

Cremos no valor do **colectivo**, do **común**, do **compartido**.

Cremos, tamén, no valor do **local**, da **proximidade** e da **identidade**. Cremos no valor do que aquí se fai, en Ribadeo.


Interésanos a cultura cando achega valor no ámbito social, no ámbito local, na autoestima das persoas, no **desenvolvemento** das capacidades creativas de todas e todos, na procura da beleza.

Pensamos que esta época que vivimos pide novamente **autoxestión**, paixón, *do it yourself* e independencia. É mellor intentalo que non facer nada.

5

COMO NOS ORGANIZAMOS?

De forma totalmente aberta, a través dunha Asemblea e Coordinadora.



6

QUEN PODE PARTICIPAR?

Calquera persoa
interesada.



7

ESPAZOS ASOCIADOS AO PROXECTO

Web Sonda Norte

sondanorte.ribadeo.org

Sala Sonda Norte

Casa da Xuventude, 1º andar

Prensa Sonda Norte

620 434 226

Sempre en...

sondanorte@ribadeo.org

Búscanos
tamén en

facebook



SONDA NORTE

sondanorte@ribadeo.org